



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

A C O R D O S

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura das addendas aos convenios de colaboración asinados entre a Xunta e entidades prestadoras de servizos sociais para o financiamento de prazas en centros para persoas con discapacidade na provincia da Coruña.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura das addendas aos convenios de colaboración asinados entre a Xunta de Galicia e diversas entidades prestadoras de servizos sociais para o financiamento de prazas en centros para persoas con discapacidade, na provincia de Lugo para o ano 2005.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta e a entidades ASPANAS de Ourense para o financiamento do seu centro ocupacional, relativa á ampliación do número de prazas para o ano 2005.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura das addendas aos convenios de colaboración asinados entre a Xunta e diversas entidades prestadoras de servizos sociais para o financiamento de prazas en centros para persoas con discapacidade na provincia de Pontevedra para o ano 2005.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo conxunto das Consellerías de Economía e Facenda e Innovación e Industria polo que se valida a Resolución do 27 de xullo de 2005, de concesión á empresa R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S. A., dunha axuda por importe de trinta e nove millóns de euros e se modifican os límites establecidos para compromisos plurianuais como consecuencia da redistribución das anualidades inicialmente previstas na devandita resolución.
- Acordo polo que se aproba o convenio específico de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Xunta de Galicia para o desenvolvemento do Protocolo Xeral relativo ao Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora (Programa I3) para o ano 2005.



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba o proxecto modificado do parque eólico denominado Serra do Páramo, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Fundación CEL-Iniciativas por Lugo e Caixa Galicia, para a creación dun Centro de Demostración Tecnolóxico e o Desenvolvemento do seu Plan Operativo nos anos 2005 e 2006.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a Consellería de Innovación e Industria e a empresa distribuidora Barras Eléctricas Galaico-Asturias, S. A. (BEGASA), para a realización dos plans de mellora da calidade do servizo eléctrico na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Lourenzá para a creación dun punto limpo.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente, o organismo autónomo Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte, para a execución do proxecto de acondicionamento hidráulico do río Mero, entre o encoro de Cecebre e a súa desembocadura.

I N F O R M E S

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Informe sobre os acordos acadados coa Secretaría de Estado de Cooperación Territorial en materia de relacións institucionais.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Informe sobre a situación dos convenios colectivos no sector do mar.



O VICEPRESIDENTE INFORMOU O CONSELLO DOS RESULTADOS DA PRIMEIRA REUNIÓN CO GOBERNO CENTRAL SOBRE AS 70 COMPETENCIAS

Anxo Quintana reiterou a súa aposta pola “cooperación intelixente” e valorou positivamente a disposición de Madrid para negociar os traspasos

O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, informou hoxe o Goberno galego reunido no Consello semanal dos primeiros resultados das negociacións que dende a Vicepresidencia se están a levar a cabo co Ministerio de Administracións Públicas sobre o informe dos 70 traspasos competenciais pendentes con Galicia. O vicepresidente presentou no Consello un informe sobre o comezo dos traballos da Comisión Mixta de Transferencias, que comezaron o luns en Madrid o secretario xeral e de Relacións Institucionais da Vicepresidencia, Antón Losada, e a secretaria de Estado de Cooperación Territorial, Ana Isabel Leiva.

Este informe valora moi positivamente o resultado desta primeira toma de contacto. O vicepresidente reiterou a súa aposta pola “cooperación intelixente” nas relacións entre o Goberno da Xunta e o Estado para acadar os maiores beneficios posibles para Galicia nestas negociacións. En concreto o Goberno central dispuxo a creación inmediata de catro comisións bilaterais para ultimar os traspasos a Galicia do Instituto Social da Mariña (ISM), o seguro escolar, o Parque Nacional das Illas Atlánticas e a formación continua. No caso destas catro competencias as previsións da Xunta e o Goberno central sitúan os traspasos efectivos a finais deste ano ou comezos do ano que ven.

Deste primeiro encontro saíu ademais a constitución doutras seis ponencias técnicas para estudar novos traspasos, incluídos no documento das 70 competencias pendentes elaborado pola Vicepresidencia. Estas ponencias comezarán a traballar a nivel técnico para estudar novos ámbitos competenciais e novas formas de cooperación entre a Xunta e o Estado, en materia de seguridade marítima, infraestruturas, inmigración, cultura, benestar e política agrícola e forestal.

A seguridade marítima e os avances da Comisión Mixta de Transferencias na materia foi un dos aspectos destacados polo informe do vicepresidente, sinaladamente esta semana que se cumpriu o terceiro aniversario da catástrofe do Prestige. Agora será unha ponencia técnica a que se encargue de estudar e analizar formas de cooperación entre a Xunta e o Estado para evitar que as decisións que afectan á costa galega se tomen unicamente a 1.000 kilómetros de distancia, e para que non se volva a producir a descordinación que se produciu nas costas galegas no sinistro do Prestige.



En materia de infraestruturas a ponencia técnica analizará estas fórmulas de cooperación entre o Estado e a Xunta en materias como portos, aeroportos e xestión de estradas. Estas ponencias técnicas son unha innovadora fórmula, pioneira nos procesos de traspasos competenciais, que o pasado luns acordaron a secretaria de Estado de Cooperación Territorial e o secretario xeral e de Relacións Institucionais da Vicepresidencia.

Hoxe Anxo Quintana informou o Goberno galego en pleno do resultado deste primeiro encontro e dos pasos que se seguirán nos vindeiros meses, así como as prioridades establecidas dentro do informe das 70 competencias na reunión do luns en Madrid.



A VICEPRESIDENCIA ELEVA A 127 AS PRAZAS PÚBLICAS EN CENTROS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- **Consello da Xunta aprobou hoxe a cesión de terreos do Concello de Santiago para o Centro de Desenvolvemento Integral de Salgueiriños**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de varias addendas a convenios de colaboración entre o Goberno galego e entidades prestadoras de servizos sociais para o financiamento de prazas en centros para persoas con discapacidade. A Vicepresidencia da Xunta levou a este concello addendas para o financiamento de novas prazas para persoas con discapacidade en centros das catro provincias galegas. Con estas addendas ascenden a 127 as prazas nestes centros, dentro do Servizo de Programas para Persoas con Discapacidade da Vicepresidencia, 109 novas e 35 cambios de réxime interno e externo dos usuarios.

As novas prazas serán 51 para a provincia da Coruña, 20 para as provincias de Lugo e Ourense (cada unha) e 18 no caso da provincia de Pontevedra. Con estas novas prazas e sumando as existentes A Coruña contará con 57 prazas nestes centros, 36 na provincia de Lugo, 23 en Ourense e 28 na provincia de Pontevedra.

En canto aos cambios de réxime, o acordo de hoxe permitirá levar a cabo un total de 35, dos cales 16 serán na provincia de Lugo, 10 na de Pontevedra, 6 na Coruña e 3 en Ourense. Entre os centros beneficiados por estas addendas atópanse na provincia da Coruña o Centro Asistencial de Narón, o Ricardo Baró de Oleiros ou o Centro Ocupacional de Cedeira, entre outros.

En Lugo algúns destes centros son o Concepción Teijeiro de Lugo, o Centro Asistencial de Lugo e o Centro de Día para Atención a Paralíticos Cerebrais de Castro de Rei. Na provincia de Ourense estas prazas atópanse no Centro Ocupacional da cidade das Burgas e na de Pontevedra algúns destes centros son o de Castro de Navas en Nigrán, o Centro Ocupacional de Vigo e o Centro Asistencial.

Estas addendas postas en marcha dende a Vicepresidencia da Xunta supoñen un aumento do número de prazas para persoas con discapacidade adiantando ademais a súa posta en marcha.

CEGADI

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén aprobou hoxe a cesión de terreos por parte do Concello de Santiago para a construción do Centro de Desenvolvemento Integral na zona de Salgueiriños, un proxecto parado polo anterior goberno dende hai moito tempo que conta dende hoxe co visto e praxe do Goberno galego. Este Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI) é un programa transfronteirizo da



iniciativa Interreg III A da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e unha das súas actividades mais importantes é a construción deste centro para persoas con discapacidade física.

Este novo centro que a Vicepresidencia vai a construír na capital galega vai ser un dos recursos fundamentais da Comunidade da Experiencia para a Integración das persoas con discapacidade física dependentes na Eurorrexión. Para a realización deste proxecto a Vicepresidencia conta coa colaboración da Confederación Galega de Minusválidos (Cogami) e do Centro de Rehabilitação Profesional da localidade portuguesa de Vila Nova de Gaia.

O CEGADI vai ser un centro singular e pioneiro que se converterá nun referente na atención integral ás persoas con discapacidade física, e vai ligado á promoción da autonomía persoal, ademais da vinculación que terá cos programas de I+D+i, as tecnoloxías da sociedade da información e a comunicación, os proxectos de deseño da accesibilidade universal e a inserción social en todos os ámbitos das persoas con discapacidade.

O custo deste centro estímase en mais de 6 millóns de euros, que serán financiados con fondos da Xunta de Galicia, do Ministerio de Traballo e fondos FEDER procedentes do programa Interreg III.



XUNTA E GOBERNO CENTRAL DESTINAN CASE 2 MILLÓNS DE EUROS Á PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA

- *O Ministerio de Educación e Ciencia achega un total de 1.730.000 euros a este proxecto e a Consellería de Educación destina 140.000 euros*
- *O Programa I3 fomenta a incorporación estable ao sistema de ciencia e tecnoloxía de profesores-investigadores cunha traxectoria destacada e favorece a captación de investigadores españois ou estranxeiros de recoñecida experiencia*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do Convenio Específico polo que se establece a colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e a Xunta de Galicia, para o desenvolvemento do Protocolo Xeral relativo ao Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora (Programa I3) para o ano 2005. Ambas administracións investirán case 2 millóns de euros no financiamento desta iniciativa.

Segundo este convenio, os ámbitos de investigación que se considerarán preferentes para o ano 2005 son os que establece o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, que aposta por todas as áreas científicas e tecnolóxicas, en especial pola investigación básica ou fundamental, baixo criterios de calidade e excelencia, e que prioriza as liñas de interese estratéxico para os sectores produtivos ou de gran transversalidade.

Para a implementación do convenio específico, o MEC transferirá á Comunidade Autónoma de Galicia a contía de 1.730.000 euros. Así, para o ano 2006, o MEC achega un total de 1.153.333 euros: 953.000 para a liña de incorporación estable que se transferirán á Consellería de Innovación e Industria, e 200.000 euros para a liña de Intensificación que se transferirán á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Para o ano 2007, o MEC abonará un total de 576.667 euros: 476.667 para a liña de incorporación estable e 100.000 para a liña de Intensificación.

Estímulo á investigación

Pola súa banda, o departamento educativo autonómico achegará a contía de 140.000 euros, que se destinarán ao financiamento do Programa de Promoción da Intensificación da actividade investigadora do Sistema Universitario de Galicia (SUG). De acordo con este proxecto, as axudas destinaranse ao financiamento de accións de estímulo ás actividades de investigación de calidade dos profesores-investigadores do SUG e dos grupos de investigación que están asociados, favorecendo a intensificación da súa actividade investigadora, para os efectos de maximizar a súa capacidade e produtividade científica e tecnolóxica.



As accións promovidas polo Programa de Promoción da Intensificación da actividade investigadora do SUG estableceranse co obxectivo de favorecer, en primeiro lugar, unha vía de apoio directo aos profesores-investigadores que, por razón da súa actividade científica tecnolóxica, requiran incrementar a súa dedicación intensiva á función de investigación. Ademais, estas actuacións irán encamiñadas a facilitar ás universidades a axuda necesaria para que os profesores-investigadores con actividade científica e tecnolóxica relevante e estratéxica poidan intensificar a súa dedicación a actividades de investigación, co seu equipo de investigación e dentro da mesma universidade. Do mesmo xeito, trátase de incentivar ás universidades e aos profesores universitarios na procura da excelencia nas súas funcións investigadoras.

Novos espazos

Os novos espazos europeos nos ámbitos da educación superior e da investigación científica e tecnolóxica, xunto co convencemento de que o progreso social vén dado polos avances que nesas materias consiga unha sociedade, amosan a necesidade de afrontar os actuais retos que se presentan neses campos do coñecemento cun esforzo notable para incrementar o número de profesores-investigadores e para potenciar o sistema de I+ D do país.

Dende esta perspectiva, o Programa I3 pretende reforzar a política de axudas para a incorporación de doutores ao ámbito nacional de I+ D+I, entre outras liñas de actuación, ofrecendo máis e mellores incentivos aos postos de traballo permanentes nas universidades e noutros centros de I+ D. Este programa ten por finalidade a captación de profesores-investigadores de alto nivel, españois e estranxeiros, así como de mozos universitarios con bo potencial investigador, para desta forma incrementar a cantidade e a calidade da investigación en España.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA, FUNDACIÓN CEL E CAIXA GALICIA PORÁN EN MARCHA UN CENTRO DE DEMOSTRACIÓN TECNOLÓXICO EN LUGO

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Fundación CEL-Iniciativas por Lugo e Caixa Galicia para a creación dun Centro de Demostración Tecnolóxico en Lugo e o desenvolvemento do seu plan operativo. O centro porase en marcha co obxectivo de permitir o acceso das PEMES a novas tecnoloxías aplicables para a mellora da Sociedade da Información.

A achega da Consellería para este proxecto ascenderá a 242.715 euros que serán distribuídos en dúas anualidades de 128.895 euros no ano 2005 e 113.820 no exercicio 2006. O Centro de Demostración Tecnolóxica desenvolverá un programa de formación mediante series continuadas de citas individuais e sesións de demostración de afluencia masiva e prestará apoio permanente na adaptación das novas tecnoloxías. Asemade, porá en marcha unha web de divulgación tecnolóxica e rexistros das empresas demostradoras, das responsables de cursos e dos usuarios do centro.

A Fundación encargárase de difundir entre os profesionais e empresarios galegos a información e conceptos necesarios para afrontar o reto da innovación, comunicándolles e convocándoos ás actividades que se desenvolvan no Centro, que estará situado nun inmovble cedido por Caixa Galicia, concretamente no nº 52 da Ronda da Muralla. A entidade financeira asume tamén os custos derivados da contratación dun técnico responsable do funcionamento do Centro.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA E BARRAS ELÉCTRICAS COLABORAN PARA A MELLORA DO SERVIZO ELÉCTRICO EN GALICIA

- **O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio en que tamén participa o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.**

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio entre a Consellería de Innovación e Industria, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a distribuidora Barras Eléctricas Galaico-Asturianas SA (BEGASA), que ten como obxectivo o desenvolvemento de planos de mellora da calidade do servizo eléctrico na provincia de Lugo.

O convenio que se asinará en datas próximas compromete un investimento, de 1.481.475,4 euros, que achegarán as tres entidades asinantes en diferentes contías e que se destinarán a obras de adecuación e mellora da rede eléctrica nos concellos de Foz, Viveiro, Vilalba, A Pontenova, Xove, Lugo, Rábade, Begonte, Barreiros e Muras. As obras efectuaranse principalmente en zonas rurais e semiurbanas destes municipios, en que un 25,3% do orzamento se investirá en zona urbana.

A próxima sinatura deste acordo responde ao obxectivo da Consellería de Innovación e Industria de mellorar a calidade do abastecemento eléctrico de Galicia, para o cal xa se asinou o pasado 7 de outubro un convenio destas características coa Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia (APYDE) e se prevé a sinatura doutro con Unión Fenosa.



O GOBERNO GALEGO CONCEDE UNHA AXUDA A "R" DE 39 MILLÓNS DE EUROS PARA A EXTENSIÓN DA BANDA AMPLA EN GALICIA

- **O Consello da Xunta valida a resolución da Consellería de Innovación e Industria pola que se subvenciona a empresa galega de cabo.**

O Consello da Xunta validou a resolución da concesión á empresa "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, SA" dunha axuda polo importe de 39 millóns de euros para a implantación de novas redes de telecomunicacións nos núcleos comarcais e rurais de Galicia.

Esta axuda, que achega a Consellería de Innovación e Industria e se distribuirá en catro anualidades ata 2008, subvencionará o 29% do proxecto presentado por "R" para a extensión de banda ampla, proxecto que supón en total un investimento de 134,67 millóns de euros.



PESCA PROMOCIONARÁ E INCENTIVARÁ A NEGOCIACIÓN DE CONVENIOS COLECTIVOS NO SECTOR DO MAR

- *Esta iniciativa contribuirá a mellorar as condicións laborais e de seguridade das/dos traballadoras/es do mar*
- *Arbitraranse reunións cos representantes das partes implicadas (laboral e empresarial) que lles permitan definir uns obxectivos realistas e identificar as principais barreiras con antelación á negociación*

A conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, Carmen Gallego Calvar, informou está mañá no Consello da Xunta das iniciativas que levará a cabo o seu departamento para conquistar unha regulación laboral no sector pesqueiro galego, que garanta tanto os dereitos dos traballadores como a paz laboral. Gallego Calvar entende que a situación actual "con unha práctica inexistencia de convenios colectivos, tanto sectoriais como de empresa, constitúe unha traba para o desenvolvemento do propio sector". Por iso, "e asumindo no obstante a externalidade que respecto deste tipo de negociacións colectivas posúe a administración", anunciou que dende a Consellería de Pesca deseñárase unha estratexia de promoción da negociación colectiva, que incentivará con todos os instrumentos que teña o seu alcance.

No sector do mar, explicou a conselleira, os convenios colectivos son unha figura excepcional. Unha carencia que obedece a múltiples factores entre os que cómpre destacar a propia estrutura empresarial e laboral do sector, cun forte "minifundismo", así como factores económicos de complexa solución derivados das diferenzas retributivas coexistentes entre as diversas zonas do noso territorio.

Para acabar con este problema, a negociación que intentará potenciar Pesca artellarase en tres liñas principais, marcadas por notables diferenzas tanto no réxime retributivo como nas condicións de traballo: a pesca de arrastre de litoral na comunidade autónoma, a frota de Gran Sol e a acuicultura. Para conquistar o éxito perseguido con esta iniciativa, a Conselleira de Pesca sinalou que se arbitrarán reunións cos representantes de ambas partes para "definir uns obxectivos abarcables e a identificación das principais barreiras con antelación ao inicio da negociación colectiva". Isto posibilitará que se deseñe unha estratexia definida de incentivación desta negociación por parte da Administración.

Nesto sentido, Carmen Gallego destacou a necesidade de coordinar as actuacións que leve a cabo a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos tanto coa Consellería de Traballo como co Consello de Relacións Laborais.



MEDIO AMBIENTE COMPLETA O ACONDICIONAMENTO HIDRÁULICO DO RÍO MERO

- **O investimento total do proxecto, cofinanciado pola Xunta e a Confederación Hidrográfica do Norte, ascende a 5,6 millóns de euros**

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte para completar o proxecto de acondicionamento do río Mero, entre o encoro de Cecebre e a súa desembocadura. En virtude deste acordo, as administracións central e autonómica investirán un total de 5,6 millóns de euros, que se repartiron en catro anualidades, as correspondentes aos anos 2003, 2004, 2005 e 2006. Concretamente, durante o presente exercicio destinaranse ao citado proxecto 894.773 euros e o vindeiro ano, 791.683 euros, cos que se completarán as obras.

O financiamento dos traballos repártase como segue: a Confederación Hidrográfica do Norte achega o 70% do custo con cargo ás axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), mentres que o organismo autonómico adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Augas de Galicia, paga o 30% restante.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVISTE 196.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE LOURENZÁ

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá un total de 195.675 euros na construción dun punto limpo no concello de Lourenzá. A financiación desta infraestrutura completárase en dúas anualidades, unha con cargo aos orzamentos deste ano, que ascende a 177.675, e outra para 2006 de 18.000 euros. Así se acordou no Consello da Xunta celebrado hoxe, no cal se aprobou unha addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a consellería e o Concello de Lourenzá.

Un punto limpo é un recinto cerrado de recolla selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario tales como papel, cartón, baterías, medicamentos, material procedente de obras domésticas, etc.